

Galicia, capital do voluntariado



Iniciativa Xove apoia a difusión da música popular



Parlamento Xove volve cheo de novidades



Entrevista ao grupo vigués Maryland, con novo disco



Galicia convértese na capital do mellor voluntariado

- Feijóo defendeu o recoñecemento social dos voluntarios

Galicia “ten o selo solidario desde tempo inmemorial” e eso explica en boa medida o pulo das iniciativas de voluntariado na súa sociedade. Esta foi unha das principais ideas que transmitiu o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, no **XIV Congreso Estatal de Voluntariado**, que reuniu a máis de medio milleiro de persoas na Coruña a cabalo dos meses de novembro e decembro.

Feijóo lembrou que en Galicia exercen funcións de voluntariado unhas 40.000 persoas e unhas 800 entidades. Enmarca esta implicación, e o propio éxito do Congreso, na “transición de mentalidades” que se está vivindo na actualidade, de xeito que “hai unha sociedade que detecta unha necesidade e ponse en marcha, sen esperar a que a administración resolva todos os problemas”. Para o titular do goberno autonómico “grazas a este dina-

mismo, o sempre limitado Estado do Benestar pode acercarse a unha Sociedade do Benestar que só é posible co compromiso solidario”, afirmou.

O presidente galego explicou que todos os voluntarios que traballan en labores asistenciais, programas de ocio ou inserción de desfavorecidos deben ter o recoñecemento social: “sería un esquecemento inxusto para os que entregan aos demais o mellor de si, e ademais privaríanos do valor do exemplo”, comentou Feijóo.

Por eso, engadiu que o papel da administración debe ser estimular a rede de organizacións de voluntariado, cooperando a nivel orzamentario e tamén con accións normativas e estratéxicas. Tal é o caso da lei de acción voluntaria, recién aprobada, e do plan galego de voluntariado, que regulariza a figura do voluntario, en especial o xuvenil.



Premios Estatais do Voluntariado Social



O XIV Congreso Estatal de Voluntariado contou coa presenza dos Príncipes de Asturias para entregar os Premios Estatais de Voluntariado Social. O presidente da Xunta agradeceu o “alento constante a todas estas iniciativas” de Don Felipe e Dona Letizia, mentres que o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, sulinou a súa “especial sensibilidade e compromiso” co voluntariado.

- **María Isabel Bayonas de Ibarra** (individual)
- Asoc. Benéfica **Renacer** (colectivo)
- **Federación de Amigos dos Maiores** ‘Os Petits Fréres’ (premio especial)
- Fundación **Cibervoluntarios** (mención honorífica)
- **María Matos de Careaga** (premio especial)
- **Juan Lara Crevillén** (mención honor)



Un voluntariado que se sitúa á altura dos retos do século XXI

● Mesa de debate sobre o futuro do voluntariado nos próximos anos

O Congreso Estatal de Voluntariado contou con 38 poñentes, con conferencias complementadas cun programa paralelo de obradoiros, a feira informativa das entidades de acción voluntaria, e unha tenda solidaria.

Pero un dos actos máis representativos foi a mesa de debate 'Repensando o voluntariado para a sociedade do século XXI', na que se abordou o camiño a seguir polo voluntariado nos vindeiros anos. Un dos participantes foi o propio director xeral de Xuventude e Voluntariado. Ovidio Rodeiro puxo de manifesto a necesidade de "coñecer máis profundamente" a realidade do voluntariado, con observatorios como o que se creará coa nova Lei de Acción Voluntaria ou con rexistros de entidades que permitirán certificar todas as actividades e afondar así no recoñecemento social do voluntariado.

Desde o **Consello da Xuventude de Galicia**, Pedro García Puig considera que hai que promover a participación activa da xuventude botando man das



Participantes na mesa, dentro do Congreso de Voluntariado

redes sociais. Unha boa opción para implicarse son as agrupacións de protección civil. O director xeral de Emerxencias, Santiago Villanueva, defendeu a súa vixencia, pola multitude de servizos que prestan e o recoñecemento social co que contan.

No ámbito universitario, a intervención da profesora da **USC** Mar Lorenzo explicou que o **Novo Espazo Europeo** favore-

ce a interacción coa sociedade, o que en definitiva serve para construír "sociedades máis democráticas, solidarias e xustas".

A mesa redonda completouse con representantes de entidades como **Cruz Vermella**, **Cáritas** e a **Fundación Hazloposible**. Unha mensaxe común: o voluntariado expande o civismo fronte á falta de valores que propiciou a crise económica.



Símbolo dunha sociedade madura

Unha sociedade que conta cunha rede de voluntariado forte pode considerarse unha sociedade madura e solidaria. Baixo tal premisa, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, explicou durante a súa participación no Congreso de Voluntariado que durante 2011 en Galicia máis de 10.000 voluntarios e voluntarias participaron nas diversas accións acometidas polo seu departamento. As iniciativas desenvoltas nos últimos meses deixan o seu beneficio en ámbitos tan variados como a educación ambiental, a protección ao patrimonio cultural ou o fomento do voluntariado entre os estudantes. Beatriz Mato considera imprescindibles estas actuacións, sobre todo nun momento no que "é necesaria a unión de esforzos para construír un novo modelo de sociedade integradora, inclusiva e participativa, máis humana e coa forza dos valores".

O 17% da poboación participou en accións voluntarias en 2011



Novo marco normativo para potenciar o altruísmo

Lei Galega de Acción Voluntaria

Esta norma é xa unha realidade. Foi aprobada polo Parlamento de Galicia días atrás, por unanimidade, e serve para actualizar a anterior, do ano 2000. Os seus obxectivos están adaptados as últimas directrices europeas. Entre as súas novidades, por primeira vez garátese que as persoas voluntarias poidan ter unha certificación oficial do seu labor e experiencia. Tamén reforza a participación das entidades, que terán máis presenza que as administracións no Consello Galego de Acción Voluntaria. Do mesmo xeito, para ter un coñecemento máis exacto da realidade e das necesidades e orientacións do voluntariado galego, a nova norma crea o Observatorio Galego de Voluntariado.

Plan Galego de Acción Voluntaria

O terceiro Plan Galego de Acción Voluntaria, que rematará de aplicarse en 2014, ten na nova lei un dos seus chanzos básicos de desenvolvemento. É unha ferramenta elaborada coas achegas das máis de 800 entidades sociais incluídas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria. O plan incorpora 89 medidas, en áreas de sensibilización, apoio e coordinación. Contempla desde a promoción do voluntariado ata a súa formación, nun total de sete ámbitos de actuación. A formación é xustamente o seu punto forte. Basta ter en conta que en 2011 neste eido desenvóléronse 28 accións que superaron os 6.500 participantes.

Novo servizo de Voluntariado Xuvenil

Para darlle atención á xuventude como o colectivo con maior dedicación ao voluntariado, estreouse esta iniciativa. É pioneira en toda España e funciona de maneira experimental. O seu fundamento é a creación dunha bolsa de persoas voluntarias e en paralelo unha relación de proxectos de voluntariado. O obxectivo é poñer en contacto os voluntarios cos proxectos, analizando os perfís dos inscritos, que poderán ter idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos. Neste primeiro ano, a consellería apoiou con este servizo máis de medio cento de proxectos. E en 2012 triplicárase o seu orzamento, ata acadar os 210.000 euros.



O Congreso tivo un 50% máis de participación

O Congreso Estatal de Voluntariado que se celebrou na Coruña foi un dos máis numerosos que se teñen organizado. Os seus 1.025 participantes equivalen a superar en arredor dun 50% a participación do que se celebrou o ano pasado. A súa envergadura foi o remate ideal a 2011 como **Ano Europeo do Voluntariado**.

Durante dúas das tres xornadas, o encontro estivo aberto ao público en xeral, que puido observar unha boa mostra de todo o que se está facendo en materia de voluntariado tanto en Galicia como no conxunto de Es-

paña.

Foi a través da serie de conferencias, pero sobre todo dos postos informativos de 68 asociacións, o da consellería de Traballo e Benestar, o do Goberno central e o da **Plataforma do Voluntariado de España**.

Esta Feira de Entidades de Voluntariado complementouse cun programa paralelo de vinteun obradoiros de traballo, coas proxeccións cinematográficas de **"Welcome"** e **"Nun mundo mellor"**, con actuacións musicais e teatrais, e cunha tenda solidaria na que 33 entidades puxeron á venda os seus produtos.



O Parlamento Xove debatirá este ano sobre a conducta social da xuventude

● Os equipos poden formalizar a súa inscrición ata o venres 27 de xaneiro

Como vai ser a xuventude mundial nos próximos anos? Comportarase dunha maneira máis participativa ou tenderá a ser máis individualista? Esta é a gran pregunta á que lle darán voltas, quizais para atopar unha resposta determinante, os participantes na terceira edición do **Parlamento Xove**.

Esta competición dialéctica entre centros de ensino xa ten aberto o prazo de inscri-

Inscricións

ción ata o venres 27 de xaneiro. Poderán participar ata 32 equipos, integrado cada un por catro alumnos de primeiro ou segundo curso de Bacharelato e por un profesor.

A misión de cada equipo do Parlamento Xove será investigar, escribir e debater sobre o tema proposto pola organización. Entre outras actividades, deben elaborar



Parlamento Xove fomenta a argumentación de ideas

artigos para un blog e preparar un dossier de investigación sobre o tema tratado.

Bases

Deste xeito, o debate oscilará entre dúas posturas: a dos estudos que conside-

ran que a mocidade é cada vez máis individualista e se afasta da participación social centrándose no uso das novas tecnoloxías, e a doutros que sosteñen que se abre paso un modelo máis participativo, en boa medida tamén grazas ás novas tecnoloxías e na presenza maioritaria da xuventude en accións solidarias e de vo-

luntariado.

O Parlamento Xove desenvolverase durante os meses de febreiro e de marzo. A quenda de debates provinciais terá lugar en febreiro. Dela saíran os oito equipos que competirán na fase final, durante o mes de marzo

Regulamento

no propio hemiciclo do Parlamento de Galicia.

O Parlamento Xove é unha iniciativa da dirección xeral de Xuventude e Voluntariado para potenciar entre a mocidade galega o diálogo como ferramenta para argumentar as ideas propias.

Competición experimental para a ESO

Como novidade nesta edición, o Parlamento Xove incorpora unha competición paralela de carácter experimental para alumnado de terceiro e cuarto curso de ESO. Ata agora participaban cos de Bacharelato, pero a diferenza de idade aconsella unha competición específica.



Periodo previo de formación

Quen se inscriban no Parlamento Xove poden aproveitar a fase de formación previa que durante varias fins de semana de decembro e xaneiro se realiza en Santiago, na Coruña, en Lugo, en Ourense e en Vigo. Esta é unha das novidades do Parlamento Xove 2012. Trátase dun curso no que os participantes reciben coñecementos de oratoria, especialmente orientados aos campionatos escolares de debate.



Iniciativa Xove apoia o proxecto de Xaora para impulsar a música tradicional e popular

A Asociación Xuvenil Xaora, unha das de máis renome e prestixio na comarca de **Sarria** (Lugo), contou co apoio de **Iniciativa Xove** nos seus proxectos para a difusión da cultura musical tradicional e popular da zona. As súas actividades, que inclúen desde cursos formativos ata a edición de folletos informativos, dirixíronse especialmente a nenos e mozos e tiveron como cita principal a II Xornada Musical A Charangada. Para acometer o proxecto, catro grupos de cinco xóvenes cada un percorreron a comarca promocionándoo e outros dous grupos de catro implica-

ron a outras asociacións e colectivos xuvenís. Un éxito máis dunha asociación que xa hai uns anos revolucionara a bisbarra organizando un multitudinario concerto do coñecido grupo cordobés **Medina Azahara**.

O momento máis relevante, e sonoro, do proxecto de Xaora, foi o concurso-concerto con tres charangas: **Air Jalisia**, **Madia Leva** e **Vaite Xa**. A xornada comezou cunhas horas de confraternización entre os integrantes das agrupacións musicais e mocidade da comarca vinculada co mundo da música. Nese intre aproveitaron para distribuír folletos informativos sobre a vila sarriá na historia da música, alusivos á banda municipal, a grupos de folclore tradicional da comarca, e a charangas antigas e actuais da zona. Os compoñentes das charangas tamén expuxeron críticas creativas sobre os estilos da música actual, nun evento que concitou a un cento de mozos e mozas.

Máis repercusión aínda tivo o percorrido das tres charangas polas rúas da vila, desde o mediodía e durante boa parte da tarde. Numerosas persoas, por momentos máis de medio milleiro, achegáronse ata o centro de Sarria, para presenciar un concerto que se prolongou arredor de catro horas.



Integrantes da Charanga Madia Leva, de Sarria

E a xornada non rematará aínda, xa que a organización culminou cunha mesa redonda conformada por membros das charangas, profesores de música da zona e xornalistas. A idea era reflexionar sobre o fenómeno da música popular como forma de cultura e na necesidade de que a poboación máis nova tome o relevo para darlle continuidade.

Un dos principios de actuación de Xaora, tal como afirman os seus responsables, é "o compromiso cos nenos, nenas, mozos e mozas da bisbarra". Aí enmarcan actividades como os cursos formativos que desenvolveron dentro das súas Xornadas Musicais. Con eles, nuns casos prenderon a mecha de novos músicos e noutros aviváronlles a afección.

O primeiro dos cursos centrouse na especialidade de vento madeira, cunha participación de doce alumnos de entre seis e dezaseis anos. Un segundo curso abordou o vento metal e acudiron dezasete participantes de entre cinco e vinte e catro anos. As clases incluíron exhibicións de diferentes instrumentos por parte do mestre e nocións técnicas, tanto de nivel principiante como de nivel avanzado.

Un terceiro curso tivo por temática a linguaxe musical e a música de cámara, cunha xornada dedicada a cada materia. Entre os dous, superaron os corenta alumnos.



Tres mozos ourensáns gañan o premio Galiciencia

- Deseñaron un sistema para controlar o ordenador co corpo

Martín Álvarez, Adrián González e Luis Rodríguez, tres estudantes do **IES O Couto** de Ourense, son os gañadores absolutos do concurso de 'Galiciencia 2011', ao que se presentou medio cento de proxectos procedentes de colexios de toda Galicia, Cataluña e Euskadi.

Os vencedores, que competían na categoría de segundo ciclo da ESO, deseñaron un dispositivo que permite controlar o ordenador cos movementos do corpo. Non é necesario nin o teclado nin o rato. O iKinect, que é como o chamaron, consiste nunha adaptación da cámara da videoconsola **Xbox** para permitir a interacción total do usuario cos controis de calquera ordenador.

A maiores das múltiples aplicacións que poida ter o seu proxecto, o que máis contou para que vencesen foi o enxeño amosado para idealo e as destrezas empregadas



Os tres equipos premiados no "Galiciencia 2011"

para que o dispositivo funcionase.

Foi eso precisamente o que máis marabillou ao xurado do certame, integrado por vinte expertos, a maior parte deles emprendedores da incubadora de empresas de **Tecnópole**, entidade organizadora da Galiciencia. Os proxectos recibiron a visita de máis de dúas mil persoas nos tres

días que estiveron expostos.

"Galiciencia 2011" incluíu na súa programación paralela a participación no experimento mundial do **Ano Internacional da Química**. Consistiu nun exercicio sobre o pH do planeta. A maiores, desenvóléronse obradoiros sobre os bosques, sobre termalismo e tamén se puido visitar un planetario móbil.

Premio a un estudo sobre fentos en primeiro de ESO

O xurado de "Galiciencia 2011" outorgoulle o primeiro premio na categoría de primeiro ciclo da ESO ao equipo integrado por Mariana Cabaleiro Lago e Claudia Gómez Pérez, do **Colexio Alborada** de Vigo.

O seu traballo decantouse pola bioloxía e consistiu nun estudo sobre os diferentes ti-

pos de fentos que se poden atopar ao longo da **ruta polo río da Fraga**.

Con toda a información que obtiveron, elaboraron un cartel cos datos dos fentos situados en distintas zonas. Incorporáronlle unha breve descrición para que o camiñante poida ir identificando as distintas variedades.

Electrónica programable, premio en Bacharelato

Na categoría de Bacharelato, a victoria recaeu no proxecto **Zam-buseta Laboratories**. O grupo formado por Carlos Almuíña Varela e Pablo Dobarro Peña, do **IES Rosalía de Castro** de Santiago, dedícase á construción e deseño de electrónica programable.

Nesta iniciativa crearon os circuitos

que se poden atopar en aparatos domésticos como unha lavadora ou o aire acondicionado. A recreación é aberta e intenta que todo o mundo poida comprender o funcionamento interno de cada dispositivo para adaptalo ás necesidades individuais. Teñen incluso **canle de Youtube** para explicar todo o que fan.



Viaxes para intentar facerse de ouro metendo os pés no río

● As excursións para buscar ouro en cauces fluviais póñense de moda

O primeiro, unha advertencia ao consumidor. Que ninguén agarde sacarse de traballar -ou de buscar traballo- con esta reportaxe porque non é máis que unha proposta de lecer. Distinta, eso sí, pero non para facer millonaria a ningunha persoa.

En todo caso, nos últimos tempos estanse abrindo paso as excursións organizadas nas que se pode sentir a ilusión de buscar pebidas de ouro, ao estilo da febre que se apoderou dos exploradores de California no século XIX, que con tanta frecuencia recreou o cine.

O certo é que non cómpre ir ata os Estados Unidos para probar sorte. Basta con achegarse ata a localidade asturaina de **Navelgas**, cun río do mesmo nome, a carón de Luarca. Alí hai tempo que a extracción do mineral deixou de



A busca de pebidas de ouro no río é moi relaxante

ser unha actividade económica rendible. Pero si que viron que podían aproveitalo turisticamente, e mesmo organizan campionatos de bateo para exhibir a técnica e contan cun **Museo do Ouro**.

Outro destino recomendable é o río **Noguera Pallaresa**, preto da afamada

localidade de Sort (Lleida), na que é habitual que cada 22 de decembro moitas persoas se fagan de ouro, pero coa Lotería de Nadal.

Pero é obvio que para meter os pés no río o mellor mes non é o de decembro, por moi seco que sexa o ano. As excursións adoitan organizarse durante o ve-

rán, máis ben cara ao final, e para que vaia por libre debe ter en conta que esa é a mellor época do ano. Porque xa que o máis seguro é que ninguén se vai gañar a vida buscando ouro, tampouco convén arriscala no medio da corrente.

Como unha das claves deste tipo de propostas é tamén coñecer a natureza, a gastronomía e a cultura da zona, hai quen opta por ampliar fronteiras. Un dos emprazamentos máis exóticos é Tailandia. Alí, no río Wang, organizan a mediados de abril un festival de dúas semanas no que os visitantes poden compartir cos cidadáns da zona o traballo da busca de ouro, que aínda se mantén. Outra opción é Arxentina, onde en diversos puntos como a provincia de La Rioja ou a meseta da Puna o ouro tende a agotarse, pero a fe en atopalo non.

Outras opcións de turismo científico

O turismo de aventura á procura de ouro é unha das modalidades máis chamativas do que se deu en coñecer como turismo científico, que non é outra cousa que o aproveitamento do tempo das vacacións para actividades vinculadas a campos de coñecemento tan variados como a bioloxía, a arqueoloxía, a xeoloxía, a zooloxía, a botánica ou a espeoloxía.

Á parte da compoñente recreativa, o turismo científico ten unha clara vocación didáctica. As viaxes deséñanse a partir dun tema concreto sobre o que os participantes poden indagar e experimentar con actividades normalmente coordinadas por especialistas. En ocasións, os resultados destas expedicións mesmo teñen valor como achegas a estudos e indagacións profesionais e contribúen ao avance científico.



“Neste disco xa temos un son propio, soamos moito máis compactos”

● Entrevista co grupo indie powerpop de Vigo “Maryland”



- **Levades xa varios meses presentando o voso segundo disco. Como está sendo a acollida de “Get Cold Feet”?**

- Pois estamos moi contentos. “Surprise” xa deixou algo de pegada e con este traballo cremos que demos un paso moi importante. O disco está soando e gusta moito.

- **Que supón este traballo con respecto a “Surprise”, a vosa estrea discográfica?**

- Pois supón un paso máis na nosa carreira. Este disco está máis traballado que o anterior. Tivemos máis días de gravación no estudo, seis meses de traballo no local de ensaio...

- **Que nivel de esforzo supón para un grupo como o voso a gravación dun disco?**

- Pois moitísimo, tanto económico, xa que hoxe en día o disco tes que custealo ti, e ademais está a dispoñibilidade de cada un. Pero merece a pena, é algo que queda aí.

- **Como vos prantexades un concerto? Que debe ocorrer para que cumpra as vosas expectativas?**

- Sempre nolo prantexamos da



Imaxe promocional do grupo vigués (Tamara de la Fuente)

mesma forma: saír a divertirse, xa que iso o público cáptao ao momento e contáxiase. Non fan falta expectativas, coas ganas chéganos.

- **Considerades que alcanzastes unha identidade sonora propia ou aínda non estades satisfeitos co resultado?**

- Agora soamos moito máis compactos que na xira anterior, nótanse os concertos encima, e quizais con este disco xa temos un son propio. O “Surprise” xa daba pistas.

- **Que hai de Vigo nas vosas cancións? Segue sendo unha boa cidade para a música?**

- Hai moito de Vigo. As historias das que falan ocorren na nosa cidade, é unha cidade marabillosa para ter un grupo.

- **Cal é o espazo que ocupa a música alternativa no panorama actual? Hai oco no mercado ou padece unha condena eterna á marxinalidade?**

- En canto á radio e á televisión, está condenada. É un cambio que se debería dar, pero está difícil. Non tanto ao directo, xa que as salas e os festivais nótrense. Público hai, pero non moita marxe para poder chegar a máis público.

- **Cal é o medio de promoción que mellor vos resulta? Por que?**

- As redes sociais, porque son máis rápidas e directas.

- **Para cando un terceiro disco? Haberá continuidade no grupo? Cara a onde evolucionará a vosa música?**

- Pois en 2012 seguiremos presentando “Get Cold Feet”, xa que só levamos seis meses de rodaxe e algo lanzaremos de material. En canto ao terceiro disco, aínda non está en mente, cando rematemos a xira será o momento de pensar no terceiro.

NON O PERDAS

SINIESTRO TOTAL. VIGO.
27 DE DECEMBRO. IGUANA CLUB.



MANEL. OURENSE.
14 DE DECEMBRO. T. PRINCIPAL.

NON O PERDAS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

14 de decembro
Fuel Fandango
Sala Moon

15 de decembro
Manel
Arteria Noroeste

Pacífico
Sala Moon

16 de decembro
Morodo
Sala Capitol

17 de decembro
Trasnochando
Sala Moon

18 de decembro
Teams, **Sensible Soccers,**
Tempelhof
Pub Cachán

21 de decembro
Sinestesia + Carabia
Sala Moon

28 de decembro
Extinción
Sala Moon



FERROL

15 de decembro
Fuel Fandango
Teatro Jofre

A CORUÑA

16 de decembro
Manel
Playa Club

Sandford Music Factory
Mardi Gras

17 de decembro
Nashgul + Inu
Mardi Gras

22 de decembro
La banda del camión
Mardi Gras

22 de decembro
Minim
Ola Green

30 de decembro
Bastards on Parade
Mardi Gras

OURENSE

17 de decembro
Litoral
Cafe Pop Torgal

BUEU

17 de decembro
TEAMS
Labranza

PONTEVEDRA

17 de decembro
The Zombie Kids
Sala Karma

Delahoja
Sala Karma

Secret Army, Samesugas,
Nobody`s fool
Liceo Mutante

20 de xaneiro
The Right Ons
Sala Karma

CALDAS DE REIS
16 de decembro

Zuri & Freedom Street Band
Zona Cero

VIGO

16 de decembro
Putilatex
Iguana Club

Litoral
Sala Playmobil

Kaixo Sama vs Elecesar +
Solido Rokerz
El Infierno

Yemel
Bonus Track

17 de decembro
Manel
Auditorio Municipal

Helltrip
Iguana Club

Minim
El Infierno

Breakin` Bones
Bonus Track

The Blows

Mondo Club

23 de decembro
Eladio y los Seres Queridos
Fábrica de Chocolate

29 de decembro
Why Go?
Iguana Club

30 de decembro
Fon Roman
Iguana Club

4 de xaneiro
Siniestro Total e TAC
Auditorio Mar de Vigo

7 de xaneiro
The Real Mckenziez,
Bastards on Parade
El Infierno

CANGAS DO MORRAZO

14 de decembro
Demian Cabaud Jazz Trio
SalaSon

A ILLA DE AROUSA

17 de decembro
Zuri & Freedom Street Band
O Con do Moucho